

VIERNES, 17 de diciembre de 2010

XABIER P. DOCAMPO | LUCES

"Era un libro que falaba de min"

D. M. | 17 DIC 2010

Archivado en: [Galicia](#) [España](#)

"O que lle pedimos á literatura é que fale de nós e *Memorias dun neno labrego* falaba de min", recoñece Xabier P. Docampo, nado en Rábade en 1964 pero criado en Castro de Ribeiros de Lea. O autor d' *O misterio das badaladas* aplaude o que a historia de Balbino ten de reivindicación do mundo rural e de denuncia do asoballamento dos máis desfavorecidos. Descubreuno como lector a finais dos anos 60, cando Ediciós do Castro publicou por primeira vez o texto en Galicia, aínda que a lectura máis recente fíxoa hai un ano. Nin co paso do tempo percibiu trazos de idealismo na novela de Neira Vilas. "Ese ruralismo nostálgico que tanto abunda por aí adiante non existe aquí", explica. Os anos tampouco lle roubaron vixencia á obra, defende Docampo, porque a historia "dun neno que ten que buscar a compensacións dos seus afectos" é compartida cos pequenos do século XXI. Parelo vai o camiño que abriu nas letras galegas, co neno protagonista e contador das súas teimas. "Unha literatura xuvenil tan exitosa nos últimos 35 anos é debedora do traballo de Neira Vilas".